



## INSTRUCCIÓN IMPORTANTE SOBRE PROXENITORES AUTORIZADOS

**1.-** Para recoller un alumno/a (menor de idade) no centro antes de rematada a xornada lectiva deberá **comunicarse sempre en conserxería**, identificándose sempre co **DNI** e **asinando** a ficha de saída.

**2.** Como norma xeral, o alumno/a **só poderá saír acompañado polo seu pai ou pola súa nai** (ou titor/titora legal acreditado), de acordo co indicado no impreso “Comunicación de proxenitores autorizados” entregado no centro; é fundamental por tanto que se poña o máximo celo e **coidado na cumprimentación deste impreso**.

**3.** No caso de que o pai ou a nai envíen, no seu nome, outra persoa ao centro para recoller o seu fillo/a, **só se permitirá a súa saída de acordo con estas pautas:**

a.- A persoa encargada da recollida deberá ser **maior de idade**.

b.- Deberá contar cunha **autorización asinada** do pai ou da nai (modelo sempre dispoñible en conserxería e na nosa web. Achégase tamén no reverso). Este aspecto é fundamental para evitar inconvenientes e malos entendidos.

c.- Para aqueles casos en que o pai/nai delegue noutra persoa a recollida no centro do seu fillo/a, por cuestións organizativas do centro, e dado o variado persoal que en diferentes momentos pode estar exercendo a custodia do alumnado (o que imposibilita levarmos un rexistro máis concreto e específico de hipotéticos autorizados), a **recomendación** é que os pais/nais, para todos aqueles casos en que poidan necesitar delegar a recollida en alguén, **teñan entregado previamente autorizacións asinadas de recollida a aquelas persoas da súa confianza** ás que, nun momento dado, poidan ter que pedirles que recollan os seus fillos/as no centro. Dese xeito, a persoa que exerza a recollida por representación poderá chegar puntualmente no centro a autorización requirida, evitando desta forma inconvenientes tanto para o centro como para as familias. En caso de ausencia da autorización indicada no centro non se permitirá a saída do alumno/a, nin sequera cun familiar (tío/a, avó/a, irmán/a, cónxuxe, parella etc.).

**4.** A información académica sobre a marcha do alumno/a facilitarase desde o centro **ao seu pai ou á súa nai** (ou titor/titora legal acreditado) de acordo co indicado a este respecto no impreso “Comunicación de proxenitores autorizados” entregado no centro; é fundamental por tanto que se poña o máximo celo e coidado na cumprimentación deste impreso.

**5.** En caso de **enfermidade, accidente ou indisposición** do alumno/a chamarase por tel. ao **proxenitor para que se faga cargo**. Se se considerase, preciso comunicarse tamén co 061. Nestes casos, se non se puidese contactar co proxenitor ou este non acudise para facerse cargo, a tutela do alumno/a será transferida aos servizos sanitarios do 061 (o centro non dispón de medios nin persoal para acompañar alumnado a centros sanitarios).